



## SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DIA 9 DE XUÑO DE 2020

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre, ás nove horas do día nove de xuño de dous mil vinte, baixo a presidencia do señor alcalde don Óscar A. Garcia Patiño, réunese a Xunta de Goberno Local, co fin de realizar a sesión ordinaria convocada para o efecto.

Asisten os concelleiros que a continuación se relacionan, segundo nomeamento efectuado mediante Resolución da Alcaldía número 1315/2019, de data 1 de xullo do ano que andamos: don Juan González Leirós, dona Lúa Sanguñedo Álvarez, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, don Daniel Mallo Castro, dona Maria Dolores Pan Lesta e don Diego Alcantarilla Rei.

Faise constar que asisten tamén ao acto don Ramón Boga Moscoso, concelleiro con delegación especial dos servizos de Turismo e Patrimonio, incluídos na Área de Presidencia; dona Mónica Varela Germade, concelleira con delegación especial do servizo de Cultura, incluído na área de Cultura, Deportes e Xuventude; e dona Patricia María Parceró Quiñoy, concelleira con delegación especial dos servizos de Medio Ambiente e Mobilidade, incluídos na área de Educación, Medio Ambiente, Mobilidade e Sanidade; isto en aplicación do disposto no artigo 133.3 do Regulamento orgánico municipal.

Intervén como secretaria xeral dona Maria Luisa de la Red Ampudia.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

### **1º. Aprobación, se procede, do borrador da acta da sesión extraordinaria de data 2 de xuño de 2020**

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación ao borrador da acta correspondente á sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local de data 2 de xuño de 2020 e, ao non se formular, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito membros que a compoñen, aprobou o citado borrador.

### **2º. Boletíns e correspondencia**

. Anuncio da Xunta Electoral de Zona da Coruña, respecto da publicación dos lugares públicos e locais oficiais para a realización de actos da campaña electoral con motivo das eleccións ao Parlamento de Galicia, convocadas por Decreto 72/20, de 18 de maio. (Boletín Oficial da Provincia número 78, do día 2 de xuño de 2020).

. Resolución do 27 de maio de 2020, da Secretaría Xeral da Igualdade, pola que se publican os requirimentos de emenda de documentación das solicitudes presentadas ao abeiro da Resolución do 19 de decembro de 2019 pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a promoción da igualdade, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, cofinanciadas polo Fondo Social Europeo (FSE), con cargo ao programa operativo Fondo Social Europeo Galicia 2014-2020, e polo Pacto de Estado contra a violencia de xénero, e se procede á súa convocatoria no ano 2020 (códigos de procedemento SI435B, SI435A, SI427B e SI435C). (Diario Oficial de Galicia número 110, do 8 de xuño de 2020).

### **3º. Expedientes de contratación**

**3.1. Aprobación do plan de seguridade e saúde, plan de xestión de residuos e programa de traballo presentados pola empresa "Jardinería Arce, S.L." adxudicataria da obra "Remodelación da Praza Europa en Cambre. Fase I", obra financiada por medio de convenio de cooperación entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Cambre polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento das ditas obras (convenio nº 72/2019 do 9 de outubro). Expediente 2019/C003/000011**

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 22 de maio de 2020 que literalmente se transcribe a continuación:

"Visto o expediente de contratación incoado co nº 2019/C003/000011 para a adxudicación, mediante procedemento aberto simplificado (con pluralidade de criterios de adxudicación con aplicación de xuízos de valor e criterios de apreciación automática) da obra de "Remodelación da Praza Europa en Cambre. Fase I", obra financiada por medio de convenio de cooperación entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Cambre polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento das ditas obras (convenio nº 72/2019 do 9 de outubro).

Visto o acordo da Xunta de Goberno Local de data 29 de abril de 2020 polo que se adxudicou a obra á empresa *Jardinería Arce, S.L.*, asinándose o correspondente contrato o día 11 de maio de 2020.

Visto o plan de seguridade e saúde presentado pola empresa adxudicataria "*Jardinería Arce, S.L.*", con rexistro de entrada 202099900000839 de data 08/05/2020 ao que achega o informe favorable emitido por don Carlos Barbeito Bello, Director de Obra e Coordinador de Seguridade e Saúde designado mediante a Resolución de alcaldía nº 555/2020, de 24 de abril 2020, expediente de contrato menor nº 2020/C002/000054, con rexistro de entrada no Concello de Cambre o día 13/05/2020 e número 202099900000912.

Visto o Plan de xestión de residuos presentado pola empresa adxudicataria *Jardinería Arce,, S.L.*, con rexistro de entrada no concello de Cambre o día 08 de maio de 2020 e rexistrado co número 202099900000839.

Vistos os informes favorables emitidos con data do 19 de maio de 2020 polo arquitecto municipal, responsable do contrato.

Visto o informe emitido polo Arquitecto Municipal, de data 19 de maio de 2020 no que confirma que consta o Programa de Traballo adaptado ao prazo ofertado, incluído na oferta presentada polo contratista, en base á cal resultou adxudicatario, polo que se propón eximir ao contratista de presentación do Programa de Traballo.

Á vista do establecido para o efecto no artigo 7 do Real Decreto 1627/1997 do 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción; no Real Decreto 105/2008 polo que se regula a produción e xestión de residuos de construción, así como o disposto na cláusula 18.3 do prego de cláusulas administrativas particulares regulador do presente expediente de contratación.

En uso das atribucións que me fóron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, e tendo en conta que, de conformidade co disposto na Disposición Adicional Oitava do Real Decreto-Lei 17/2020, do 5 de maio, polo que se aproban medidas de apoio ao sector cultural e de carácter tributario para facer fronte ao impacto económico e social do Covid-19, na que se acorda o levantamento da suspensión dos termos e interrupción dos prazos dos procedementos de contratación que se establecera pola disposición adicional terceira do Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, e se permite que se continúe a tramitación dos procedementos de contratación, a condición de que a súa tramitación se realice por medios electrónicos, propono á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

**Primeiro:** Aprobar o plan de seguridade e saúde presentado pola empresa *Jardinería Arce, S.L.*, para a execución da obra denominada "Remodelación da Praza Europa en Cambre. Fase I", obra financiada por medio de convenio de cooperación entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Cambre polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento das ditas obras (convenio nº 72/2019 do 9 de outubro)". Expediente 2019/C003/000011

**Segundo:** Aprobar o plan de xestión de residuos presentado pola empresa *Jardinería Arce, S.L.* para a execución da obra denominada Remodelación da Praza Europa en Cambre. Fase I", obra financiada por medio de convenio de cooperación entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Cambre polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento das ditas obras (convenio nº 72/2019 do 9 de outubro)". Expediente 2019/C003/000011

**Terceiro:** De conformidade co establecido na cláusula 18.3 do prego de cláusulas administrativas particulares reguladoras do contrato, eximir ao contratista de presentación dun novo Programa de Traballo, isto tendo en conta o informe emitido polo Arquitecto Municipal o 19/05/2020 no que confirma que o adxudicatario presentou o Programa de Traballo coa súa oferta, en base á cal resultou adxudicatario, e ao que se presta aprobación.

**Cuarto:** Notificar este acordo á empresa *Jardinería Arce, S.L.* e a don Carlos Barbeiro Bello, director de obra y coordinador da seguridade e saúde , facéndolles saber que, de conformidade coa Disposición adicional terceira do Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, os prazos para presentar os recursos correspondentes quedan suspendidos ata que perda vixencia a suspensión, ou as súas posibles prórrogas.

Unha vez sexa levantado o estado de alarma, ou as súas posibles prórrogas, contra o presente acordo , e toda vez que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, este acordo pon fin á vía administrativa, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderá interpoñerse potestativamente recurso de reposición , ou impugnalgo directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/2015 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente

**Quinto:** Notifíquese ao arquitecto municipal, para a súa constancia e para os efectos oportunos."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito concelleiros que a compoñen, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

**3.2. Adxudicación do servizo de "Mantemento de hardware e software do blade center do Concello de Cambre" á entidade "Servicios informáticos Sistemas Automáticos S.L." (SISA), no prezo ofertado de 5.540 euros sen IVE (6.703,40 euros IVE incluído). Expediente núm. 2020/C004/000015**

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 25 de maio de 2020 que literalmente se transcribe a continuación:

“Con data 8/04/2020 emítese informe polo administrador do Sistema Informático don Manuel Paz Vázquez no que constata que están próximos a vencer os contratos de mantemento das máquinas do *blade center* do Concello de Cambre, polo que é urxente unha nova contratación deste servizo. Por unha banda, o contrato do mantemento de todo o sistema operativo OS400, tanto a actualización do *software* como calquera incidencia da súa integración no *hardware* que o soporta vence o 10 de abril de 2020, e o contrato do mantemento do resto do *hardware* do *blade center*, no que está instalado o sistema operativo *Windows* vence o 26 de maio de 2020. Advirte da urxencia na necesidade da contratación, toda vez que resulta necesario para garantir o funcionamento dos servidores tanto para o traballo presencial nas oficinas municipais como para garantir o teletraballo, durante a situación xerada polo estado de alarma.

Con data 22/04/2020 elaborouse polo técnico administrador do Sistema Informático don Manuel Paz Vázquez as prescricións técnicas para a contratación do servizo de “Mantemento de *hardware* e *software* do *blade center* do Concello de Cambre”, que desenvolve os traballos a contratar, cun orzamento de 5.750 €, sen IVE, 6.957,50 €, IVE incluído.

Con data 23/04/2020 emítese informe pola Intervención municipal no que consta a consignación orzamentaria adecuada e suficiente na aplicación orzamentaria 2020 920 21600.

Con data 24/04/2020 emítese proposta-informe de necesidade de contratación, asinado polo técnico administrador do Sistema Informático e polo alcalde, motivado na necesidade de que o sistema informático funcione correctamente para que todos os traballadores do Concello de Cambre, así como os membros da Corporación Municipal, poidan desenvolver con normalidade as súas tarefas e cometidos, máxime na situación actual, xa que dende que entrou en vigor o Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, modificado polo Real decreto 465/2020 do 17 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, a maioría de traballadores e membros da Corporación están desenvolvendo o seu traballo de forma telemática, coa sobrecarga que isto supón para os servidores.

Con data 6/05/2020 emítese informe polo técnico administrador do Sistema Informático no que consta que foron invitadas as seguintes empresas:

- SERVICIOS INFORMÁTICOS SISTEMAS AUTOMÁTICOS, S.L.
- DST SOFTWARE, S.L.
- INFORHOUSE, S.L.

e que presentaron oferta as empresas que a continuación se relacionan:

Empresa	Oferta sen IVE	Oferta IVE incluído
SERVICIOS INFORMÁTICOS SISTEMAS AUTOMÁTICOS, S.L.	5.540 €	6.703,40 €
DST SOFTWARE, S.L.	5.640 €	6.824,40 €
INFORHOUSE, S.L.	5.700 €	6.897 €

formulando proposta de adjudicación do contrato correspondente ao servizo de “Mantemento de *hardware* e *software* do *blade center* do Concello de Cambre, á empresa Servicios informáticos Sistemas Automáticos S.L. (SISA), con NIF \*\*\*\*\*4445, domicilio en rúa Manuel Piñeiro Pose 3, 1º C – 15005 A Coruña, no prezo ofertado de

5.540 € sen IVE, 6.703,40 € IVE incluído, por ser a empresa que fixo a mellor oferta atendendo ao único criterio de valoración, factor prezo, sen atoparse incurso en presunción de oferta anormalmente baixa.

Tendo en conta o establecido pola Disposición Adicional terceira do Real decreto 463/2020 do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, polo artigo 16 do Real decreto Lei 7/2020 do 12 de marzo polo que se adoptan medidas urxentes para responder ao impacto económico do COVID-19, así como polo Real Decreto-lei 10/2020, de 29 de marzo, que no seu Anexo inclúe entre as actividades consideradas como esenciais ao fin de que poidan seguir prestándose :

*“13. As de empresas de telecomunicacions e audiovisuais, e de servizos informáticos esenciais, así como aquelas redes e instalacións que os soportan e os sectores ou subsectores necesarios para o seu correcto funcionamento, especialmente aqueles que resulten imprescindibles para a adecuada prestación dos servizos públicos, así como o funcionamento do traballo non presencial dos empregados públicos.”*

Vistos os informes emitidos pola secretaria xeral da Corporación con datas do 20 e 26 de marzo respectivamente, en relación coa tramitación de procedementos durante o estado de alarma decretado por Real decreto 463/2020 do 14 de marzo.

Visto o informe emitido pola técnica de xestión de Administración Xeral de data 20 de maio de 2020, e mailo informe de fiscalización nº 132/2020, emitido polo interventor da Corporación con data do 25/05/2020, nos que consta a posibilidade de aplicación do procedemento de emerxencia regulado no artigo 120 da Lei 9/2017 de contratos do sector público.

En uso das atribucións que me fóron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo,

Tendo en conta, así mesmo, que, de conformidade co disposto na Disposición Adicional terceira do Real decreto 463/2020 do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19 suspendéronse os termos e interrompéronse os prazos para a tramitación dos procedementos das entidades do sector público, se ben, tal e como consta nos informes emitidos pola secretaria xeral da Corporación con datas dos días 20 e 26 de marzo de 2020, poderán tramitarse, entre outros, aqueles expedientes que resulten indispensables para a protección do interese xeral ou para o funcionamento básico dos servizos, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

**Primeiro:** Declarar xustificada a necesidade da presente contratación, por nos atopar ante un servizo que resulta imprescindible para o correcto funcionamento dos servizos informáticos municipais.

**Segundo :** Aprobar as prescricións técnicas para a contratación do servizo de “Mantemento de *hardware* e *software* do *blade center* do Concello de Cambre”, elaboradas polo administrador do Sistema Informático municipal, cun orzamento de 5.750 €, sen IVE, 6.957,50 €, IVE incluído,

**Terceiro:** Aprobar o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 2020 920 21600.

**Cuarto:** Acordar a contratación do servizo de referencia polo procedemento de emerxencia regulado no artigo 120 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, expediente 2020/C004/000015, isto en aplicación do establecido pola Disposición Adicional terceira do Real decreto 463/2020 do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, polo artigo 16 do Real decreto Lei 7/2020 do 12 de

marzo polo que se adoptan medidas urxentes para responder ao impacto económico do COVID-19, así como polo Real Decreto-lei 10/2020, de 29 de marzo, polo que se regula un permiso retribuído recuperable para as persoas traballadoras por conta allea que non presten servizos esenciais, co fin de reducir a mobilidade da poboación no contexto da loita contra o COVID-19.

**Quinto:** Adxudicar o contrato para a prestación do servizo de “Mantemento de *hardware* e *software* do *blade center* do Concello de Cambre”, á empresa Servizos informáticos Sistemas Automáticos S.L. (SISA), con NIF \*\*\*\*4445, e domicilio na rúa Manuel Piñeiro Pose 3, 1º C – 15005 A Coruña, no prezo ofertado de 5.540 € sen IVE, 6.703,40 € IVE incluído, por ser a empresa que fixo a mellor oferta atendendo ao único criterio de valoración, factor prezo, sen atoparse incurso en presunción de oferta anormalmente baixa.

**Sexto:** De conformidade co establecido no artigo 120 da LCSP, o prazo de inicio da execución das prestacións non poderá ser superior a un mes, contado desde a adopción do presente acordo.

Así mesmo, deberán cumprirse respecto ao presente contrato as normas sobre publicidade establecidas na Lei 9/2017 de contratos do sector público e máis na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

**Setimo:** Designar como responsable do contrato ao técnico administrador do Sistema Informático municipal, don Manuel Paz Vázquez, a quen corresponderá supervisar a súa execución e asegurar a correcta realización da prestación pactada.

**Oitavo:** Notifíquese ao técnico administrador do Sistema Informático municipal, don Manuel Paz Vázquez responsable do contrato, así como ao departamento de Intervención, para a súa constancia e para os efectos oportunos.

**Noveno:** Notificar o presente acordo aos interesados, facéndolles saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, pon fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderá recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/125 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, regula das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito concelleiros que a compoñen, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

**3.3. Devolución da garantía definitiva á empresa “Hebe Sport, S.L.” adxudicataria do “Servizo de desenvolvemento das actividades educativas municipais, para os cursos 2016/2017 e 2017/2018, prorrogable ao curso 2018/2019”. Expediente núm. 2016/C004/000004**

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 3 de xuño de 2020 que literalmente se transcribe a continuación:

“Visto que con data 18 de novembro de 2016, asinouse o contrato entre o Concello de Cambre e a entidade *Hebe Sport, S.L.* para o “*Servizo de desenvolvemento das actividades educativas municipais, para os cursos 2016/2017 e 2017/18, prorrogable ao curso 2018/2019*”  
Expediente 2016/C004/000004

Visto que no antedito expediente depositouse en metálico, na Tesourería municipal unha garantía definitiva de data 02/09/2016 e importe de 1.292,05 euros, con número de rexistro 682, para garantir a execución do contrato.

Visto que venceu o prazo de garantía aplicable desde a finalización do contrato, e cumprido satisfatoriamente o contrato sen que, por outra banda, o Concello fixese ningunha obxeción ou reparo, isto segundo informe favorable emitido polo coordinador de actividades culturais e educativas, con data do 11 de febreiro de 2020.

Visto o informe de fiscalización favorable emitido pola Intervención Municipal con data do 25/05/2020.

Visto que, con data do 28 de maio actual, a empresa adxudicataria do contrato presentou un escrito con número de rexistro 202099900001099 amosando a súa conformidade á continuación da tramitación do procedemento de devolución da garantía definitiva depositada para garantir a execución do contrato.

A teor do establecido nos arts. 102.2, 222.3 e 307 do Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, e da Disposición Transitoria Primeira da Lei 9/2017 LCSP.

En uso das atribucións que me fóron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

**Primeiro:** Devolver a garantía definitiva depositada pola entidade “*Hebe Sport, S.L.*”, con CIF B1575.... e enderezo na Rúa Venezuela, nº3, 3-I, 15160, Sada, A Coruña, no expediente número 2016/C004/000004, para o “*Servizo de desenvolvemento das actividades educativas municipais, para os cursos 2016/2017 e 2017/18, prorrogable ao curso 2018/2019*”

**Segundo:** Notifíquese ao interesado, facéndolle saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, estes acordos poñen fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderán recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/125 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a

Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.

**Terceiro:** Notificar o presente acordo aos Departamentos de Intervención e Tesourería municipal, para os efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito concelleiros que a compoñen, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

#### **3.4. Devolución da garantía definitiva á empresa “Xestión Cultural Aurea, S.L.”, adxudicataria do servizo de “Organización e desenvolvemento de campamentos urbanos nos períodos vacacionais escolares”. Expediente núm. 2016/C004/000012**

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 3 de xuño de 2020 que literalmente se transcribe a continuación:

“Visto que con data 17 de xullo de 2017, asinouse o contrato entre o Concello de Cambre e a entidade *Xestión Cultural Aurea, S.L.*, para o servizo de “*Organización e desenvolvemento de campamentos urbanos nos períodos vacacionais escolares*”. Expediente 2016/C004/000012

Visto que no antedito expediente depositouse na Tesourería municipal unha garantía definitiva de data 07/07/2017 e importe de 8.807,30 euros, con número de rexistro 765, por medio de un aval bancario nº 361543 de data 07/07/2017 para garantir a execución do contrato.

Visto que venceu o prazo de garantía aplicable desde a finalización do contrato, e cumprido satisfactoriamente o contrato sen que, por outra banda, o Concello fixese ningunha obxeción ou reparo, isto segundo informe favorable emitido polo coordinador de actividades culturais e educativas, con data do 23 de xaneiro de 2020.

Visto o informe de fiscalización favorable emitido pola Intervención Municipal con data do 20 de maio de 2020.

Visto que, con data do 28 de maio actual, a empresa adxudicataria do contrato presentou un escrito con número de rexistro 202099900001088 amosando a súa conformidade á continuación da tramitación do procedemento de devolución da garantía definitiva depositada para garantir a execución do contrato.

A teor do establecido nos arts. 102.2, 223.3 e 307 do R.D. 3/2011 polo que se aproba o texto Refundido da Lei dos contratos do sector público, e maila Disposición Transitoria Primeira da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.

En uso das atribucións que me fóron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO:**

**Primeiro:** Devolver a garantía definitiva depositada pola entidade “*Xestión Cultural Aurea, S.L.*” con CIF B3639.... e enderezo na Avda. Luis Rocafort, nº 47, primeiro dereita, 36960, Sanxenxo, (Pontevedra) no



expediente número 2016/C004/000012, para o servizo de “Organización e desenvolvemento de campamentos urbanos nos períodos vacacionais escolares”

**Segundo:** Notifíquese ao interesado, facéndolle saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, estes acordos poñen fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderán recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/125 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.

**Terceiro:** Notificar o presente acordo aos Departamentos de Intervención e Tesourería municipal, para os efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito concelleiros que a compoñen, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

**3.5. Adxudicación da obra de “Mellora da pavimentación no Camiño de Brexo e Mercurín”, incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de Concello) POS+2019 da Deputación Provincial da Coruña, a prol do licitador “Construcciones Ponciano Nieto, S.L.”, no prezo ofertado de 28.450,45 euros sen IVE (34.425,04 euros IVE incluído). Expediente núm. 2019/C003/000004**

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 3 de xuño de 2020 que literalmente se transcribe a continuación:

“Visto o expediente de contratación incoado co nº 2019/C003/000004 para a adxudicación, por procedemento aberto simplificado (mediante a aplicación de fórmulas) da obra “Mellora da pavimentación no camiño de Brexo e Mercurín”, incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de Concello) POS+2019 da Deputación provincial da Coruña, cun orzamento base de licitación de 46.451,27 euros IVE incluído.

Vista a valoración dos criterios contemplados na cláusula 15.1 e no Anexo IV do prego de cláusulas administrativas particulares que consta na Acta da Mesa de Contratación de data 16 de decembro de 2019, respecto das ofertas presentadas no presente procedemento, así como a proposta de adxudicación formulada pola Mesa de Contratación designada para o presente expediente con data do 16 de decembro de 2019, a prol do licitador “Construcciones Ponciano Nieto, S.L”, no prezo ofertado de 28.450,45 euros sen IVE (34.425,04 euros IVE incluído), cun prazo de garantía de 5 anos, por ser a entidade que obtén unha maior puntuación en aplicación dos criterios de adxudicación que constan na cláusula 15.1 e Anexo IV do prego de cláusulas administrativas particulares, sen atoparse incurso en presunción de oferta anormalmente baixa.

Visto que, outorgado ao licitador proposto como adxudicatario o prazo de sete días hábiles, para que presentase a documentación contemplada na cláusula 16 do prego-tipo de cláusulas administrativas particulares, isto de conformidade co establecido no artigo 159.4 da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de contratos do sector público pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consejo 2014/23 UE e 2014/24/UE do 26 de febreiro de 2014, este achegou en prazo toda a documentación requirida, acreditando a súa solvencia económica e técnica, así como a suficiencia de medios para a execución do contrato, segundo informe do enxeñeiro de Camiños municipal-xefe da sección de Servizos de data 14 de maio de 2020.

Visto que a entidade proposta como adxudicataria presentou documento de mantemento da súa oferta, que foi rexistrado o día 13 de maio de 2020 ao número 202099900000891.

Visto o informe emitido pola técnica de xestión de Administración xeral coa conformidade da secretaria xeral da Corporación, de data 3 de xuño de 2020, que contén a proposta de acordos a adoptar, e mailo informe de fiscalización número 141/2020 emitido polo interventor da Corporación con data do 3 de xuño actual.

Visto o establecido na cláusula 16 do prego de cláusulas administrativas particulares que rexen no presente expediente, e mailo disposto nos artigos 150 e 159 da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de contratos do sector público.

Tendo en conta as atribucións que me fóron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm. 1323/2019 do 1 de xullo, así como a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

**Primeiro:** De conformidade cos acordos adoptados pola Mesa de Contratación con data do 16 de decembro de 2019, declarar válida a licitación, admitindo nela as proposicións presentadas polos licitadores que seguidamente se relacionan, por ter presentado a documentación correspondente á oferta económica e referencias valorables automaticamente conforme ao establecido na cláusula 12 del Prego de cláusulas administrativas particulares:

- Canarga, S.L.
- Construcciones J. Mauri e Hijos, S.L.
- Construcciones Ponciano Nieto, S.L.
- Excavaciones y obras Candal, S.L.
- Sondeos Porzuna, S.L.

**Segundo:** Aprobar, segundo acordo da Mesa de Contratación do 16 de decembro de 2019, a seguinte valoración das ofertas presentadas polos licitadores presentados mediante a aplicación dos criterios matemáticos establecidos na cláusula 15 e Anexo IV do PCAP, así como o cálculo de posibles ofertas anormalmente baixas, que queda establecido nas inferiores a **27.493,61 euros sen IVE**:

EMPRESA	Plazo garantía ofertado	Puntuación plazo garantía	Oferta económica sin IVA	Oferta económica con IVA	Puntuación oferta económica	PUNTUACIÓN TOTAL
Canarga S.L.	5	20	30.082,64 €	36.399,99 €	70,63	90,63
Construcciones J. Mauri e Hijos S.L.	5	20	28.834,34	34.889,55 €	77,80	97,80
Construcciones Ponciano Nieto, S.L.	5	20	28.450,45 €	34.425,04 €	80	100
Excavaciones y Obras Candal, S.L.	5	20	33.217,97 €	40.193,74 €	50,29	70,29
Sondeos Porzuna, S.L.	5	20	29.486,96 €	35.679,22 €	74,05	94,05

**Terceiro:** Aprobar, de conformidade cos apartados anteriores do presente acordo, e co establecido no artigo 150.1 da LCSP, e tendo en conta a proposta formulada pola Mesa de Contratación con data do 16 de decembro de 2019, a seguinte orde decrecente de clasificación das proposicións presentadas, á vista do resultado da valoración das ofertas presentadas polos licitadores de acordo ao establecido na cláusula 15 e Anexo IV do prego de cláusulas administrativas particulares:

EMPRESA	PUNTUACIÓN TOTAL
Construcciones Ponciano Nieto, S.L.	100
Construcciones J. Mauri e Hijos, S.L.	97,80
Sondeos Porzuna, S.L.	94,05
Canarga S.L.L.	90,63
Excavaciones y Obras Candal S.L.	70,29

**Cuarto:** De conformidade co acordo adoptado pola Mesa de Contratación o 16 de decembro de 2019, adjudicar a obra “Mellora da pavimentación no camiño de Brexo e Mercurín”, incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de Concello) POS+2019 da Deputación provincial da Coruña, á empresa “Construcciones Ponciano Nieto, S.L.”, con NIF \*\*\*\*\*3145 e domicilio en Agra dos Cregos 28 baixo -15850 Zas (A Coruña), no prezo ofertado de 28.450,45 euros sen IVE (34.425,04 euros IVE incluído) e un prazo de garantía de 5 anos, por ser o licitador mellor valorado de acordo cos criterios de adjudicación que constan na cláusula 15 do prego de cláusulas administrativas particulares (oferta económica e incremento do prazo de garantía) e non resultar incurso en presunción de oferta anormalmente baixa.

De conformidade co establecido no artigo 151.2.c) da Lei 9/2017, as vantaxes da proposición da entidade adjudicataria determinantes de que a súa oferta fose a que obtivo a maior puntuación atópanse na baixa económica ofertada e máis no incremento do prazo de garantía a cinco anos, criterios nos que a empresa obtivo a maior puntuación.

**Quinto:** Proceder á formalización do contrato en documento administrativo non máis tarde dos quince días hábiles seguintes a aquel no que se reciba a notificación da adjudicación, de conformidade co sinalado na cláusula 17 do prego de cláusulas administrativas particulares regulador do expediente contractual, procedendo seguidamente á publicación da formalización do contrato, xunto co correspondente contrato, no Perfil de Contratante do Concello de Cambre- Plataforma de Contratación do Sector Público do Estado, isto de conformidade co disposto no artigo 154 da Lei dos contratos do sector público.

**Sexto:** Designar como director de obra e responsable do contrato ao enxeñeiro de Camiños municipal don Óscar Souto Muíño, ao que, de conformidade co establecido no art. 62 da Lei 9/2017 de contratos do sector público, corresponderá supervisar a súa execución e adoptar as decisións e ditar as instrucións necesarias con fin de asegurar a correcta realización da prestación pactada.

A coordinación de seguridade e saúde para a presente obra corresponderalle ao licitador que resulte adxudicatario do expediente nº. 2020/C004/000007, que actualmente se atopa en licitación, e que ten por obxecto a prestación do servizo de coordinación de seguridade e saúde en varias obras de construción entre as que se atopa a obra obxecto deste contrato.

**Sétimo:** Notificar os presentes acordos aos licitadores presentados e ao coordinador de seguridade e saúde que resulte designado segundo exp. nº 2020/C004/000007, e publicar no prazo de quince días a adxudicación no Perfil do Contratante do Concello de Cambre, incluído na Plataforma de Contratación do Sector Público do Estado (<https://contrataciondelestado.es>), de conformidade co establecido no artigo 151.1 da Lei de Contratos do Sector Público e cláusula 16.4 do prego de cláusulas administrativas particulares reguladoras do expediente de contratación, facéndolles saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, estes acordos poñen fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderán recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/125 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.

**Oitavo:** Notifíquese ao director de obra-responsable do contrato que se designe, e máis aos departamentos de Servizos e Intervención Municipal, para o seu coñecemento e aos efectos oportunos."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito concelleiros que a compoñen, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

**3.6. Adxudicación da obra "Mellora da pavimentación no camiño de Penouviña", obra incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de Concello) POS+2019 da Deputación Provincial da Coruña, a prol do licitador "Construcciones Ponciano Nieto, S.L.", no prezo ofertado de 31.383,24 euros sen IVE (37.973,72 euros IVE incluído). Expediente núm. 2019/C003/000007**

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 4 de xuño de 2020 que literalmente se transcribe a continuación:

"Visto o expediente de contratación incoado co nº 2019/C003/000007 para a adxudicación, por procedemento aberto simplificado (mediante a aplicación de fórmulas) da obra "Mellora da pavimentación no camiño de Penouviña", incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan

único de Concello) POS+2019 da Deputación provincial da Coruña, cun orzamento base de licitación de 50.557,47 euros IVE incluído.

Vista a valoración dos criterios contemplados na cláusula 15.1 e no Anexo IV do prego de cláusulas administrativas particulares que consta na Acta da Mesa de Contratación de data 16 de decembro de 2019, respecto das ofertas presentadas no presente procedemento, así como a proposta de adjudicación formulada pola Mesa de Contratación designada para o presente expediente con data do 16 de decembro de 2019, a prol do licitador "Construcciones Ponciano Nieto, S.L", no prezo ofertado de 31.383,24 euros sen IVE (37.973,72 euros IVE incluído), cun prazo de garantía de 5 anos, por ser a entidade que obtén unha maior puntuación en aplicación dos criterios de adjudicación que constan na cláusula 15.1 e Anexo IV do prego de cláusulas administrativas particulares, sen atoparse incurso en presunción de oferta anormalmente baixa.

Visto que, outorgado ao licitador proposto como adjudicatario o prazo de sete días hábiles, para que presentase a documentación contemplada na cláusula 16 do prego-tipo de cláusulas administrativas particulares, isto de conformidade co establecido no artigo 159.4 da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de contratos do sector público pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consejo 2014/23 UE e 2014/24/UE do 26 de febreiro de 2014, este achegou en prazo toda a documentación requirida, acreditando a súa solvencia económica e técnica, así como a suficiencia de medios para a execución do contrato, segundo informe do enxeñeiro de Camiños municipal-xefe da sección de Servizos de data 19 de maio de 2020.

Visto que a entidade proposta como adjudicataria presentou documento de mantemento da súa oferta, que foi rexistrado o día 13 de maio de 2020 ao número 202099900000892.

Visto o informe emitido pola técnica de xestión de Administración xeral coa conformidade da secretaria xeral da Corporación, de data 3 de xuño de 2020, que contén a proposta de acordos a adoptar, e mailo informe de fiscalización número 142/2020 emitido polo interventor da Corporación con data do 3 de xuño actual.

Visto o establecido na cláusula 16 do prego de cláusulas administrativas particulares que rexen no presente expediente, e mailo disposto nos artigos 150 e 159 da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de contratos do sector público.

Tendo en conta as atribucións que me fóron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm. 1323/2019 do 1 de xullo, así como a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

**Primeiro:** De conformidade cos acordos adoptados pola Mesa de Contratación con data do 16 de decembro de 2019, declarar válida a licitación, admitindo nela as proposicións presentadas polos licitadores que seguidamente se relacionan, por ter presentado a documentación correspondente á oferta económica e referencias valorables automaticamente conforme ao establecido na cláusula 12 del Prego de cláusulas administrativas particulares:

- Canarga, S.L.
- Construcciones J. Mauri e Hijos, S.L.
- Construcciones Ponciano Nieto, S.L.
- Excavaciones y obras Candal, S.L.
- Francisco Gómez y Cía, S.L.
- Obras y Saneamientos Galicia, S.L.
- Sondeos Porzuna, S.L.

**Segundo:** Aprobar, segundo acordo da Mesa de Contratación do 16 de decembro de 2019, a seguinte valoración das ofertas presentadas polos licitadores presentados mediante a aplicación dos criterios matemáticos establecidos na cláusula 15 e Anexo IV do PCAP, así como o cálculo de posibles ofertas anormalmente baixas, que queda establecido nas inferiores a **37.813,82 euros IVE incluído** :

EMPRESA	Plazo garantía ofertado	Puntuación plazo garantía	Oferta económica sin IVA	Oferta económica con IVA	Puntuación oferta económica	PUNTUACIÓN TOTAL
Canarga S.L.	5	20	32.892,56 €	39.800 €	71,07	91,07
Construcciones J. Mauri e Hijos S.L.	5	20	31.801,07	38.479,29 €	77,34	97,34
Construcciones Ponciano Nieto, S.L.	5	20	31.383,24 €	37.973,72 €	79,74	99,74
Excavaciones y Obras Candal, S.L.	5	20	36.177,72 €	43.775,04 €	50,10	70,10
Francisco Hómez Y Cía, S.L.	5	20	38.630,58	46.743,00	28,15	48,15
Obras y Saneamientos Galicia, S.L.	5	20	39.213,38	47.448,19	22,96	42,96
Sondeos Porzuna, S.L.	5	20	32.459,40 €	39.275,87 €	73,54	93,54

**Terceiro:** Aprobar, de conformidade cos apartados anteriores do presente acordo, segundo o establecido no art. 150.1 da LCSP e tendo en conta a proposta formulada pola Mesa de Contratación con data do 16 de decembro de 2019, a seguinte orde decrecente de clasificación das proposicións presentadas, á vista do resultado da valoración das ofertas presentadas polos licitadores de acordo ao establecido na cláusula 15 e Anexo IV do prego de cláusulas administrativas particulares:

EMPRESA	PUNTUACIÓN TOTAL
Construcciones Ponciano Nieto, S.L.	99,74
Construcciones J. Mauri e Hijos, S.L.	97,34
Sondeos Porzuna, S.L.	93,54
Canarga S.L.	91,07
Excavaciones y Obras Candal S.L.	70,10
Francisco Gómez y Cía, S.L.	48,15
Obras y Saneamientos Galicia S.L.	42,96

**Cuarto:** De conformidade co acordo adoptado pola Mesa de Contratación o 16 de decembro de 2019, adjudicar a obra "Mellora da pavimentación no camiño de Penouviña", incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de Concello) POS+2019 da Deputación provincial da Coruña, á empresa "Construcciones Ponciano Nieto, S.L.", con NIF \*\*\*\*\*3145 e domicilio en Agra dos Cregos 28 baixo -15850 Zas (A Coruña), no prezo ofertado de 31.383,24 euros sen IVE (37.973,72 euros IVE incluído) e un prazo

de garantía de 5 anos, por ser o licitador mellor valorado de acordo cos criterios de adxudicación que constan na cláusula 15 do prego de cláusulas administrativas particulares (oferta económica e incremento do prazo de garantía) e non resultar incurso en presunción de oferta anormalmente baixa.

De conformidade co establecido no artigo 151.2.c) da Lei 9/2017, as vantaxes da proposición da entidade adxudicataria determinantes de que a súa oferta fose a que obtivo a maior puntuación atópanse na baixa económica ofertada e máis no incremento do prazo de garantía a cinco anos, criterios nos que a empresa obtivo a maior puntuación.

**Quinto:** Proceder á formalización do contrato en documento administrativo non máis tarde dos quince días hábiles seguintes a aquel no que se reciba a notificación da adxudicación, de conformidade co sinalado na cláusula 17 do prego de cláusulas administrativas particulares regulador do expediente contractual, procedendo seguidamente á publicación da formalización do contrato, xunto co correspondente contrato, no Perfil de Contratante do Concello de Cambre- Plataforma de Contratación do Sector Público do Estado, isto de conformidade co disposto no artigo 154 da Lei dos contratos do sector público.

**Sexto:** Designar como director de obra e responsable do contrato ao enxeñeiro de Camiños municipal don Óscar Souto Muíño, ao que, de conformidade co establecido no art.62 da Lei 9/2017 de contratos do sector público, corresponderá supervisar a súa execución e adoptar as decisións e ditar as instrucións necesarias con fin de asegurar a correcta realización da prestación pactada.

A coordinación de seguridade e saúde para a presente obra corresponderalle ao licitador que resulte adxudicatario do expediente nº. 2020/C004/000007, que actualmente se atopa en licitación, e que ten por obxecto a prestación do servizo de coordinación de seguridade e saúde en varias obras de construción entre as que se atopa a obra obxecto deste contrato.

**Sétimo:** Notificar os presentes acordos aos licitadores presentados e ao coordinador de seguridade e saúde que resulte designado segundo exp. nº 2020/C004/000007, e publicar no prazo de quince días a adxudicación no Perfil do Contratante do Concello de Cambre, incluído na Plataforma de Contratación do Sector Público do Estado (<https://contrataciondelestado.es>), de conformidade co establecido no artigo 151.1 da Lei de Contratos do Sector Público e cláusula 16.4 do prego de cláusulas administrativas particulares reguladoras do expediente de contratación, facéndolles saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, estes acordos poñen fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderán recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/125 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.

**Oitavo:** Notifíquese ao director de obra-responsable do contrato que se designe, e máis aos departamentos de Servizos e Intervención Municipal, para o seu coñecemento e aos efectos oportunos."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito concelleiros que a compoñen, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

**3.7. Aprobación do expediente de contratación núm. 2020/C005/000003, por procedemento aberto simplificado abreviado, con pluralidade de criterios de adxudicación de apreciación automática, correspondente á “Subministración de materiais de imprenta para soporte de proxectos, programas e prestacións do departamento de Servizos Sociais do Concello de Cambre”**

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 5 de xuño de 2020 que literalmente se transcribe a continuación:

“Con data do 7 de maio de 2020, asínase polo educador social, coa conformidade da coordinadora de Servizos Sociais municipal, a memoria xustificativa da necesidade, idoneidade, insuficiencia de medios, motivación da non división en lotes e xustificación da elección do procedemento de contratación para a subministración de materiais de imprenta para soporte de proxectos, programas e prestacións do departamento de Servizos Sociais do Concello de Cambre.

Con data do 22 de maio de 2020, asínase polo educador social, coa conformidade da coordinadora de Servizos Sociais municipal, o informe técnico relativo ao inicio do expediente de contratación para a subministración de materiais de imprenta para soporte de proxectos, programas e prestacións do departamento de Servizos Sociais do Concello de Cambre, que contén os criterios de valoración das proposicións, as penalidades aplicables, as condicións especiais de execución, e mailas condicións para acreditar a solvencia económica e financeira e a solvencia técnica, e se asina tamén o prego de prescricións técnicas para a contratación da subministración de materiais de imprenta para soporte de proxectos, programas e prestacións do departamento de Servizos Sociais do Concello de Cambre, cun valor estimado de 8.227,27 euros e un orzamento base de licitación de 9.050,00 euros IVE incluído.

Consta documento de retención de crédito emitido pola Intervención municipal o 2 de xuño de 2020 respecto da existencia no orzamento de 2020 de crédito suficiente na aplicación orzamentaria 231.22000

Consta a providencia da concelleira-delegada de Economía, Facenda e Recursos Humanos, de data 2 de xuño actual, de inicio do expediente de contratación, propoñendo o procedemento aberto simplificado abreviado, de conformidade co establecido nos artigos 131 e 159.6 e concordantes da LCSP.

Visto o informe emitido pola técnica de xestión de Administración xeral, coa conformidade da Secretaria xeral e máis do interventor municipais, de data 4 de xuño de 2020, favorable á aprobación do expediente de contratación, e que contén a proposta de acordo a adoptar.

Constando todos os documentos preceptivos, e tendo en conta as atribucións que me fóron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm. 1323/2019 do 1 de xullo, así como a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño a adopción do seguinte ACORDO:

**Primeiro:** Declarar motivada no expediente a necesidade do contrato para dar cumprimento ás competencias que ten atribuídas o concello, contratando unha serie de material co que complementar a realización dos proxectos, programas e prestacións do departamento de Servizos Sociais do Concello de Cambre; isto de conformidade co establecido na Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do Réxime Local (art. 25.2.e) e art. 26.1.c), así como na Lei 13/2018, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, na que se definen como servizos sociais “o conxunto coordinado de prestacións, programas e equipamentos destinados a garantir a



*igualdade de oportunidades no acceso á calidade de vida e á participación social de toda a poboación”*, quedando acreditada a natureza e extensión das necesidades que se pretenden cubrir, a idoneidade do obxecto e o contido para satisfacelas, segundo se deriva da documentación obrante no expediente, todo isto de conformidade co establecido no artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP).

**Segundo:** Declarar o expediente de contratación ordinario e, de conformidade co artigo 117.1 da LCSP, aprobar o contido íntegro do expediente de contratación núm. 2020/C005/000003, por procedemento aberto simplificado abreviado, con pluralidade de criterios de adxudicación de apreciación automática, correspondente á “Subministración de materiais de imprenta para soporte de proxectos, programas e prestacións do departamento de Servicos Sociais do Concello de Cambre”, cun valor estimado de 8.227,27 euros e un orzamento base de licitación de 9.050,00 euros IVE incluído, isto a teor do establecido nos artigos 131.2, 145.1 e 159.6 da LCSP.

**Terceiro:** Aprobar o gasto por conta da aplicación orzamentaria 231.22000.

**Cuarto:** Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares e mailo prego de prescricións técnicas, e aprobar as características propias deste contrato, tal e como aparecen reflectidas no Anexo I do prego administrativo.

**Quinto:** Dispoñer a apertura do procedemento de licitación mediante a publicación do correspondente anuncio no Perfil do Contratante do Concello de Cambre, integrado na Plataforma de Contratación del Sector Público do Estado, de conformidade co establecido nos artigos 63 e 135 da LCSP.

**Sexto:** Publicar o presente acordo no Perfil do Contratante, así como os documentos do expediente que conteñen a información a que se refire o artigo 63.3 da LCSP.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito concelleiros que a compoñen, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

#### **4º. Informe das resolucións ditadas pola alcaldía e polos concelleiros delegados da área dende a anterior Xunta de Goberno Local**

Os presentes danse por informados das resolucións da alcaldía e concellerías delegadas de área ditadas dende o día 29 de maio ao 4 de xuño do ano que andamos, que comeza coa resolución da concelleira delegada da área Economía, Facenda e Recursos Humanos número 672/2020 e remata coa resolución da concelleira delegada da área de Benestar Social número 725/2020, segundo se relaciona a seguir:

Nº decreto	Data sinatura	Asunto
672/2020	29-05-2020	Contrato menor para a prestación do servizo consistente en renovación Autocad-Mad
673/2020	29-05-2020	Solicitud acondicionamento camiños e fincas por estado de parcela sita en Igrexa, Cela, con maleza invadendo espazo público e ramas de árbores en contacto con tendido eléctrico. Propiedade: L.M.S.

674/2020	29-05-2020	Concesión axuda vale alimentos a I.H.J. por importe de 600 euros anuais durante 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto
675/2020	29-05-2020	Concesión axuda vale alimentos a N.S.V. por importe de 900 euros anuais durante 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto
676/2020	29-05-2020	Aprobación das liquidacións do prezo público polo servizo de axuda no fogar do mes de abril de 2020
677/2020	29-05-2020	Concesión a UFD Distribución Electricidad, S.A., de licenza municipal para realizar unha acometida eléctrica en San Roque, Sta. María de Vigo
678/2020	29-05-2020	Orde de execución por estado de abandono de nave sita no Polígono de Espírito Santo, Cecebre, Cambre.
679/2020	29-05-2020	Convocatoria da sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local do día 2 de xuño de 2020
680/2020	29-05-2020	Concesión a Nedgia Galicia, S.A., de licenza municipal para unha acometida de gas natural canalizado en edificación sita na estrada Cambre-Temple, Cambre
681/2020	01-06-2020	Resolución pola que se retoma a celebración de sesións ordinarias de órganos colexiados
682/2020	01-06-2020	Contratación da renovación anual do servizo de mantemento, soporte técnico e actualización das licenzas de ArcGIS.
683/2020	01-06-2020	Declaración de desistencia da reclamación patrimonial polas lesións sufridas en caída ocorrida na estrada Cambre-Temple
684/2020	01-06-2020	Reclamación por danos ocasionados debido a filtracións en trasteiro, procedentes da beirarrúa na rúa Tapia nº 3, O Temple.
685/2020	01-06-2020	Reclamación por danos ocasionados en trasteiro propiedade de J.C.V., debido a filtracións procedentes da beirarrúa na rúa Tapia, O Temple.
686/2020	01-06-2020	Estimación reclamación patrimonial por danos ocasionados por valo de obras en vehículo estacionado na rúa Francisco Rodríguez
687/2020	01-06-2020	Desistencia da reclamación patrimonial por lesións sufridas debido a unha caída na vía pública, na rúa Constitución, O Temple
688/2020	01-06-2020	Declaración desistencia da reclamación patrimonial presentada por dona M.M.B., na que solicita unha indemnización a consecuencia dos danos ocasionados nunha caída na rúa Francisco Rodríguez
689/2020	01-06-2020	Reclamación responsabilidade patrimonial por danos en vivenda propiedade de E.G.C.
690/2020	01-06-2020	Reclamación responsabilidade patrimonial. Expte. 2019/P001/000016
691/2020	01-06-2020	Reclamación por danos ocasionados en vehículo por un sinal

		de prohibido aparcas no aparcamento do Eroski na Barcala
692/2020	01-06-2020	Non admisión reclamación danos en trasteiro sito na Barcala
693/2020	01-06-2020	Desestimación da reclamación patrimonial por danos en caldeira
694/2020	01-06-2020	Reclamación responsabilidade patrimonial por danos ocasionados en termo
695/2020	01-06-2020	Desestimación da reclamación patrimonial por avería nunha caldeira
696/2020	01-06-2020	Convocatoria sesión extraordinaria da Xunta de Voceiros 04.06.2020
697/2020	01-06-2020	Apertura nicho nº 69 B dos centrais, para inhumar cinzas de A.V.B.A.
698/2020	01-06-2020	Concesión do dereito de uso privativo e autorización de apertura da urna perimetral sinalada co número 170, letra A, no cemiterio municipal de Cambre, a dona V. S. D. co fin de inhumar ao seu cónxuxe J.C.S. falecido o 26 de febreiro de 2020.
699/2020	01-06-2020	Apertura e concesión do nicho número 170, letra B, dos perimetrais, co fin de inhumar o cadáver de J.M.G.
700/2020	01-06-2020	Autorización apertura urna perimetral 45D.
701/2020	01-06-2020	Concesión do nicho número 170, letra C, dos perimetrais, co fin de inhumar o cadáver de J.M.B.V.
702/2020	02-06-2020	Expediente sancionador por utilización de terraza en cafetería sita na rúa Temple, O Temple, Cambre. Propiedade: I.F.G.
703/2020	02-06-2020	Concesión a Nedgia Galicia, S.A., de licenza municipal para unha canalización de gas natural na rúa Río Barcés, A Barcala, Cambre
704/2020	02-06-2020	Solicitude acondicionamento camiños e fincas por estado de abandono de parcela sita no Balado, Cambre. Propiedade: Herdeiros L.F.P.
705/2020	02-06-2020	Arquivo de actuacións expediente de reclamación nº 4/2019, polo pago de 4.634,30 euros, IVE incluído, cantidade reclamada por danos ocasionados no cruceiro de Brexo.
706/2020	02-06-2020	Arquivo de actuacións expediente de reclamación nº 9/2019, polo pago de 1682,19 euros, IVE incluído, cantidade reclamada por danos ocasionados en poste formigón en San Lourenzo s/n
707/2020	02-06-2020	Arquivo de actuacións expediente de reclamación nº 11/2019, polo pago de 139,49 euros, IVE incluído, cantidade reclamada por danos ocasionados no cerramento perimetral do estacionamento fronte ao CEIP Portofaro.
708/2020	02-06-2020	Denegación axuda aluguer a L.F.D. por estar o recibo xa pagado
709/2020	02-06-2020	Concesión tarxeta estacionamento para persoas con discapacidade a J.A.G.P.

710/2020	03-06-2020	Licenza de obra para ampliación de vivenda unifamiliar existente en Andeiro, a nome de I.R.B.
711/2020	03-06-2020	Pago en execución de sentenza PO 50/2017 IDOM ARNAIZ UTE
712/2020	04-06-2020	Denegación axuda gastos farmacéuticos a A.D.C.M. por non estar debidamente xustificada a situación de necesidade
713/2020	04-06-2020	Concesión tarxeta estacionamento para persoas con discapacidade a M.D.P.A.
714/2020	04-06-2020	Concesión tarxeta estacionamento para persoas con discapacidade a S.P.M.
715/2020	04-06-2020	Licenza para a construción dunha vivenda no lugar de Cabana, Anceis, promovida por J.C.G.P.
716/2020	04-06-2020	Licenza para construción de vivenda unifamiliar en Arrigada, promovida por C.P.T.
717/2020	04-06-2020	Concesión tarxeta estacionamento para persoas con discapacidade a S.D.M.
718/2020	04-06-2020	Concesión tarxeta estacionamento para persoas con discapacidade a R.U.P.
719/2020	04-06-2020	Denegación axuda aluguer a R.S.P. por incumprimento do proxecto de intervención
720/2020	04-06-2020	Concesión axuda vale alimentos a I.F.A. por importe de 600 euros anuais durante 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto
721/2020	04-06-2020	Aprobación da listaxe por orde de puntuación para a adxudicación da confección de páxinas web por parte do alumnado traballador do proxecto obradoiro dual de emprego PROXEDIS –PROWEB 2019/2020
722/2020	04-06-2020	Solicitude acondicionamento camiños e fincas por estado de parcelas ao lado da urbanización Os Castros do Bosque, Cecebre, Cambre. Propiedade: GTyE, S.L.U.
723/2020	04-06-2020	Solicitude para uso puntual dos locais de ensaio musical 2020 – II
724/2020	04-06-2020	Solicitude acondicionamento camiños e fincas por estado de parcelas ao lado da Urbanización Os Castros do Bosque, Cecebre, Cambre
725/2020	04-06-2020	Proposta modificación Anexo XVI Subvención Deputación POS+ADICIONAL 1/2020 para gastos sociais extraordinarios derivados COVID-19

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión sendo as nove horas e trinta minutos, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente  
Óscar A. García Patiño

A secretaria  
María Luisa de la Red Ampudia